

Dona Susana Mariño Lorenzo, Secretaria Accidental do Concello de Carballo - A Coruña

### CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 18 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### "4.- Convenios

#### **4.1- Autorización para a realización de prácticas de formación en centros de traballo en base ao Convenio Marco de colaboración formativa asinado polo concello de Carballo e a Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.**

Foron recibidas en datas 20/10/2020 e 11/12/2020 sendas solicitudes de Dna. Nuria R S ( )793: ), representando á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (G27033737), para que os alumnos Dna. Elena F I C i ( 526: l) e D. Fabián R N ( 6338 ) sexan admitidos como alumnado en prácticas profesionais titorizadas nas Piscinas Municipais titularidade do Concello de Carballo.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 21/12/2020, no expte. 2020/X999/001512, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7) acorda:

**Primeiro.-** Autorizar a Dna. Elena F. I C i ( 5263: ) a realizar prácticas profesionais titorizadas nas Piscinas Vila de Noia e Carballo Calero, nas datas comprendidas entre o 1/01/2021 e o 30/06/ 2021, por un total de oitenta horas, no horario de apertura ó público e segundo o plan formativo que o titor das prácticas comunicará á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e ós alumnos titorizados.

**Segundo.-** Autorizar a D. Fabián R ' Nt ( 4633 ) a realizar prácticas profesionais titorizadas nas Piscinas Vila de Noia e Carballo Calero, nas datas comprendidas entre o 1/01/2021 e o 30/06/ 2021, por un total de oitenta horas, e segundo o plan formativo que o titor das prácticas comunicará á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e ós alumnos titorizados.

**Terceiro.-** Nomear a D. Manuel Andrade Vázquez, Coordinador de Instalacións Acuáticas da área de deporte do Concello de Carballo, titor para a coordinación das orientación e consulta dos alumnos."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde